

al

MÚSICA

**XXXIV
Festival
Folclórico**

EN NARÓN

Exemplar gratuito

Al Dual e The Limboos

NOS XARDÍNS DE HERRERA

Todo el Largo Verano

Horas antes da noite de San Xoán, falamos co músico Alberto Amigo, forza creativa da banda ferrolá Todo el Largo Verano que este ano cumpre dúas décadas de existencia. Coincide ademais coa saída do seu sexto LP, o espléndido “Na noite máis curta” (Ferror Records).

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Este 2025 cumprides vinte anos de traxectoria. Que ves cando miras atrás?

TLV. Moito traballo compartido e moita ilusión. Amigos e experiencias, desde os tempos do myspace, as edicións da Fonográfica General, discos, fillas... estes anos pasáronse voando!

Aí. Coincide coa saída do novo disco “Na noite máis curta” que está a ter excelentes críticas, como é habitual nos vosos discos.

TLV. Si, estamos moi contentos co resultado. A finais do ano pasado editamos tamén en Ferror Records “Algunos cabos sueltos de Todo el Largo Verano”, pezas de aquí e alá coas que celebramos o vinte aniversario. Este disco é outra cousa. Non é un disco conceptual pero sempre partimos dunha idea, unha falsa banda sonora na que mesturamos textos de todo tipo e que, neste caso, ten como fio condutor a noite de San Xoán. Ese é o noso punto de partida. Soemos contar con algunha canción e continuamos con temas novos. Musicalmente partimos de pezas de folk acústico e instrumental, con

violín, pero ao final usamos tamén sintetizadores.

Aí. Os diferentes textos enriquecen a proposta.

TLV. Fernando Marta escribiu tres poemas e un par de contos e reivindicamos tamén a través dun texto a figura dunha muller increíble, Isabell Eberhardt e a súa defensa de ser un vagabundo. E tamén nos inspirou o encargo de facer un texto para o fanzine “Gulpiyuli”, conceptos como a néboa, a illa, a noite...

Aí. A saída do disco tamén coincide co falecemento de Brian Wilson, referente voso e de tantos músicos.

TLV. Así é. Desde o nome do grupo (o “All summer long” dos Beach Boys) ata as súas cancións, o seu mundo e o xeito de componse ou ese concepto de gravación doméstica deses discos de finais dos 60 a recuperar como “Wild Honey”, “Friends”, etc. No anterior disco ía unha versión en galego de “God only knows” e aquí repetimos con “Fica esta noite (comigo)/ “Time to get alone”. Unha coincidencia que ao final é outra homenaxe a este xenio. Aínda que escoitamos tamén outras moitas referencias,

desde os Beatles ata The Flaming Lips ou Gorky’s Zygotic Mynci.

Aí. Durante moitos anos fostes un grupo case de estudio, con moita produción entre LPs, sinxelos, etc. Vai cambiar algo iso?

TLV. Eu síntome moi cómodo no estudio, é moi divertido. Pero si que é certo que logo de tantos cambios (Óscar Quant, Rubén Coca, Fernando Marta, Kike Quijano, Miguel Fuentes ou por suposto Carolina Rodríguez...) agora xa hai unha formación estable para o directo, con Luís Blanco, Joshua, Carolina, Camilo Franco ou Elisa Sardiña. Así que despois de vinte anos xa estamos en situación de ir a festivais dunha vez e aumentar o noso número concertos.

Aí. Algún próximo, por certo?

TLV. Si, o vindeiro 12 de xullo estaremos na sala Guión de Pontedeume para presentar o disco, nunha data compartida con Hombre de Plástico.

Aí. A parte visual semella moi importante nos vosos traballos. Ata que punto?

TLV. Pois ata o punto de que cando Luís Paadín ten feito o deseño gráfico do disco, para min o traballo xa remata,



non antes. O papel del é clave, ademais de moi inspirador. Neste “Na noite máis curta” fixo algo tan minimalista como elegante. Aínda que vive en Barcelona, é un dos grandes artista ferroláns sen dúbida.

Aí. Pero todos estes anos que foi o que vos motivou a seguir adiante, porque a repercusión comercial certamente non?

TLV. Pois mira a nivel persoal tres cousas: ver como quedaba finalmente unha canción despois do traballo no estudio, a cuberta do disco que creaba Luis Paadín e as críticas dalgúns xornalistas aos que sigo como César Prieto, Pepe Cunha ou Xavier Valiño, entre outros.

“NO FUTURO O ROCK SERÁ COMO O JAZZ HOXE”

Aí. Entre o traballo que fixestes hai cousas ben curiosas, como varios discos por encargo.

Cústache máis ou o asumes como un reto o traballar así?

TLV. Encántame, é un desafío creativo. Así pasou coa banda sonora para un documental sobre a editorial Bruguera de Barcelona ou outro máis específico, educativo: “Protexer, alertar e socorrer.

Cantigas de axuda”, material didáctico para o proxecto “Escolas seguras”.

Aí. Como vedes o futuro da música que facedes?

TLV. Sen demasiado relevo xeracional, a verdade. A este paso o rock será no futuro como hoxe é o jazz.

Aí. Desde o nome, Todo el Largo Verano é sinónimo dun tempo feliz. Así seguirá sendo?

TLV. Intentaremos seguir a buscar melodías optimistas, aínda que tamén hai nostalgia ou incluso algún cabreo. Pero tal e como está a poñerse o mundo, un pouco de refuxio, de escapismo e quedar coas cousas fermosas tampouco está mal.

03-05 xoves-sábado

FESTIVAL ATLÁNTICA

Narración oral

FERROL, MUGARDOS, CEDEIRA

DE BALDE



CONTADORES DE HISTORIAS CHEGADOS DE PORTUGAL, ESCOCIA, ITALIA, VALENCIA, ASTURIAS E ZAMORA E UNHA AMPLA MOSTRA DE TALENTO GALEGO CONFORMAN O PROGRAMA DESTA EDICIÓN DO FESTIVAL EN FERROLTERRA.

Ferrolterra volve a ser sede de Atlántica, un festival que leva a narración oral por numerosos escenarios de Galicia. Ferrol acollerá seis espectáculos, incluíndo un roteiro en barco pola ría e a presenza de artistas internacionais como Inés Álvarez ou Simone Negrin. Mugardos recunha como sede cunha programación que inclúe unha proposta sobre a memoria das lavadeiras e un espectáculo co foco na tradición oral zamorana. E Cedeira contará cun espectáculo do galego Rafa Quitía. (Consultar axenda, pax. 18-19).

04 venres

19.00 H

CINEÍSTA ANDARENGO

Conferencia

LIGA AMIGOS DE BARALLOBRE (FENE)



TEATRO DOS GHAZAFELHOS PRESENTA ESTE ESPECTÁCULO DE RÚA CHEO DE HUMOR.

Tres feirantes percorren o mundo co seu carromato contando vellas historias da cultura popular que removerán pesadelos nos oíntes. Co seu característico humor, os actores Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas repasarán relatos como os da Cabra Montesina, as lavadeiras ou a Santa Compañía.

edicións **embora**

Manolo González

O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas



08 martes 21.00 H

HISTORIAS PARA ESCAGARRIÑARSE

Teatro

CPS SAN VALENTÍN (FENE)



TEATRO DOS GHAZAFELHOS PRESENTA ESTE ESPECTÁCULO DE RÚA CHEO DE HUMOR.

Tres feirantes percorren o mundo co seu carromato contando vellas historias da cultura popular que removerán pesadelos nos oíntes. Co seu característico humor, os actores Montse Piñón, Pepablo Patinho e Jorge Casas repararán relatos como os da Cabra Montesina, as lavandeiras ou a Santa Compañía.

09 mércores

21.30 H

FEDERICO PÉREZ

Monólogo

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN J. SOUTO GONZÁLEZ (FENE)

CON INVITACIÓN



O MONOLOGUISTA SUBE ÁS TÁBOAS PARA PRESENTAR XA QUE O SABES, VOUCHO CONTAR (E CANTAR), UN PERCORRIDO POLAS EXPERIENCIAS QUE MARCARON A SÚA VIDA.

Espectáculo que mistura humor e música, no que o actor Federico Pérez, fala da súa traxectoria vital. “É a miña versión dos feitos. «Estou falando de cando eu nací, de como me criei, da miña nai, de meu pai, de miña avoa, do lugar no que medrei, de onde estou agora e, sobre todo, do lugar ao que, seguro, vou chegar: a morte». Botando man de clásicos como The Beatles ou Frank Sinatra, Pérez conta, pero tamén canta, esas historias.

Para asistir ao espectáculo é necesario recoller invitacións na Casa da Cultura de Fene a partir do día 4 ás 10.00 h ata completar aforo.

ACTO INSTITUCIONAL
LECTURA DA DECLARACIÓN POLO
DÍA DA PATRIA GALEGA 2025

con *Gisela Sanmartín,*
Directora do grupo de cantantes Xorxinas (Avoas da Fene) e
 presidenta da Asociación de Traballadores Galegos Senos Produtivistas

Xoves
10 Xullo
20.00 horas

Parque Iñal
do río Cádavo
Monumento
25 de xullo

CICLO XULLO, MES DA PATRIA FENE 2025

09-13 mércores-domingo

FESTIVAL DE ORTIGUEIRA

Música

ESPLANADA DO PORTO (ORTIGUEIRA)



A EDICIÓN NÚMERO 47 DO FESTIVAL TRAE Á VILA UNHA VEZ MÁIS ÁS MELLORES FORMACIÓNS MUSICAIS DOS PAÍSES CELTAS.

Os británicos Gwendal, Pelepau, Xosé Liz inaugurán os concertos do festival de Ortigueira o martes, dando paso ao dúo galego-escocés Darach, ao trío Rae, Dalama & Carballido, a Dallahan e aos madrileños Xara. La Bottine Souriante, desde Quebec; e Bøj, grupo, gañador do Concurso Runas en 2016, subirán ao escenario Estrella Galicia o venres, xunto á escola de gaitas de Ortigueira.

A fin de semana resérvase para artistas do talle de Kevrenn Brest Sant Mark, Milladoiro, Alana, Flook ou David Pasquet. Pechan esta edición Tiruleque, José Manuel Tejedor e Breo.


10 xoves

21.00 H

ULEX & DE NINGURES

Música

PRAZA DO ALCALDE RAMÓN J. SOUTO GONZÁLEZ (FENE)



CONCERTO DOBRE CO QUE O CONCELLO DE FENE CELEBRA O MES DA PATRIA. SUBEN ÁS TÁBOAS ULEX E DE NINGURES.

Están renovando o panorama musical galego cun rock atolondrado –como eles o definen– con aires de cumbia. Son Ulex e presentan en Fene o seu primeiro traballo discográfico: Lonxe de ti. Xunto a eles, De ningures, banda folk, que mistura ritmos e sons de raíz galega cos equivalentes doutros pobos ibéricos e latinoamericanos ou magrebís. Presentan Feira, o segundo disco da banda.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo

15402 **FERROL** - A Coruña

Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**

e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es



DO 7 AO 10 DE AGOSTO
MUÍÑO DE PEDROSO • NARÓN

OSRADOIRO • MERCADO • ZONA CAMPER • ACAMPADA • GLAMPING • FOOD TRUCKS

THE LOCOS • MONOULIOUS DOP • LA REGADERA
SHAKE • TANDUB • SHUGR'BAND • GRAMOLA GOMINOLA
BATUCADA LATEXO • TESHUYA • LAS POLIS • CIRCANELO
MARTA IGLESIAS • MEIGO SIMÓN • LA DUENDENETA
CHARLAS VIAXEIRAS • CARREIRA DE ORIENTACIÓN

ORGANIZADO POR



ASOCIACIÓN



WWW.GULLIVERFEST.ES

12-13 **Sábado-domingo**

13.30 H

JAZZIN' FERROL

Música

PEIRAO DE CURUXEIRAS (FERROL)



O JAZZ FUSIÓN DE DEMO RUMUDO ABRE O CARTEL DE JAZZIN' FERROL, QUE CONTA TAMÉN CO CONCERTO DE TWANGUERO, UNHA MISTURA DE ROCK NORTEAMERICANO CON INFLUENZAS DE AMÉRICA LATINA.

Demo Rumudo, o quinteto afinado en Galicia, ofrece algúns dos sons máis innovadores do jazz fusión dentro da escena nacional. O seu estilo atopa influencias de Chick Corea, Tigran Hamasyan, John Scofield ou Coltrane. (Sábado, 12). Pola súa banda, Twanguero presenta unha mistura maiormente instrumental de guitarra eléctrica e herdanza do rock norteamericano, pero con influencias de América Latina. O bolero, a cumbia, as rancheiras e a rumba combinan cos toques do surf hawaiano e a música country. (Domingo, 13).

19 **sábado**

21.00 H

FOLCLORE EN NARÓN

Festival

PARQUE DO RÍO FREIXEIRO (NARÓN)



MÚSICA TRADICIONAL DE ESLOVAQUIA, PANAMÁ, INDIA E VALLADOLID PARA ESTA 34 EDICIÓN DO FESTIVAL DE FOLCLORE DE NARÓN.

O grupo valisoletano Coros y Danzas Castella soará no parque do río Freixeiro. Xunto a el estarán os eslovacos Kapusancan; o Centro das Artes Guru, da India; e Proyecciones Floklóricas Dora Pérez de Zárate, que chegan de Panamá. Acompañados en todo momento polos organizadores, Alxibeira de Narón.

**XA QUE O SABES,
VOUCHO CONTAR
(E CANTAR)**

UN MONÓLOGO DE
**FEDERICO
PÉREZ**

"Recollida de Invitacións"
o 4 de xullo
as 10.00 horas na
Casa da Cultura de Fene
"2 Invitacións por persoa adulta"

CICLO XULLO, MES DA PATRIA FENE 2025



Mércores
9 Xullo
21.30 horas

Praza do alcalde
Ramón J. Souto González



19-20 sábado-domingo 13.30 H

CONCERTOS NO CANTÓN

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



LOS ETERNOS, CO SEU ÚLTIMO DISCO, SAN ANTONIO, E SR. SALVAJE, QUE PRESENTA VUELA, ENCHEN O CARTEL DUN FESTIVAL QUE PROMETE SUXESTIVOS DIRECTOS.

Cudi e Chewis, Los Eternos, presentan no Cantón San Antonio, o seu último disco, marcado por Cedeira e pola perda de Arantxa, a compositora da maioría das súas cancións. Sen deixar o seu son característico, mistura de rock e country, nesta ocasión achéganse máis ao folk, tanto ao de aquí como ao irlandés, incorporando instrumentos como a gaita, o violín ou o acordeón. É o seu primeiro disco integramente en galego, no que se unen poesías moi sentidas con música de raíces americanas e galegas. (Sábado, 19).


Dende Santiago chega Sr. Salvaje, a banda de rock que presentou hai dous anos o seu último traballo discográfico; Vuela. Composto por unha ducia de temas, parte dunha base clásica de rock ao que engaden matices de soul, country e ritmos sureños. Cun directo tremendamente explosivo, Sr. Salvaje –composto por Guillermo Vistoso (voz e guitarras), Antón Torroncho (baixo), Emilio Iniesta (batería) e Manuel Gómez (teclado)– atópase inmerso nunha xira que os levou a máis de corenta escenarios non só de Galicia, senón tamén doutros puntos da Península. (domingo, 20)

26-27 sábado-domingo 13.30 H

MAROLA

Música

XARDÍNS DE HERRERA (FERROL)



O FESTIVAL, QUE SE DESENVOLVE NO MARCO DOS XARDÍNS DE HERRERA, TRAE FERROL DOUS GRANDES PROPOSTAS MUSICAIS: THE LIMBOOS E AL DUAL.

Tras dez anos de traxectoria e tres discos ás súas costas, The Limboos presenta o seu cuarto álbum, Off The Loop, no que a banda volve a reinventarse cara ao pop barroco e a psicodelia, que se misturan con atmosferas cinematográficas, guitarras e sintetizadores. Con este disco chegaron a festivais como o Low Festival ou o Warm Up, ademais de xirar por escenarios de España, Francia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña, Suíza, Italia ou Portugal. (Sábado, 26)

Al Dual rescata fielmente sons procedentes de épocas primixenias da música americana. Precursor da guitarra rockabilly & country, o murciano é un dos artistas máis recoñecidos na escena internacional do rock&roll clásico. O seu último traballo discográfico, Reel to Reel, contén dez temas compostos e arranxados polo artista no que mostra a súa cara máis ecléctica, contemplando o espectro de estilos que marcaron a década dos 50.

MARALDA!

CONCERTOS NOS XARDÍNS DE HERRERA, FERROL



THE LIMBOOS

SÁBADO 26 DE XULLO
13.30 HORAS

AL DUAL

DOMINGO 27 DE XULLO
13.30 HORAS

embora
productions

FERROL



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Público: Grazas por facer este fantástico filme. (...) Eu teño unha pregunta sobre o amor, porque me pareceu entender que non é o mesmo tipo de amor que podemos atopar en *Necesidades dunha viaxeira*, que mostrou en Berlín, nin o tipo de amor que atopamos nos seus primeiros filmes.

HS: Non creo estar preparado para contestar esa pregunta. Eu non penso no amor, nin intento definir que é o amor. Ás veces sentimos de maneira moi intensa, e ese sentimento comóvenos e lévanos en certa dirección. Creo que en certo xeito é inútil definir algo tan misterioso, algo tan nobre. Tal vez unha definición demasiado clara pode entorpecer ou ocultar algo. Ver demasiado claro o que pasa dentro pódenos facer pensar noutras cousas. Eu trato de sentirme máis libre. Se fas algo ben, recoñeces ao instante que o estás facendo ben, e nese fluxo recoñeces toda clase de cousas. Tratamos de conceptualizar eses temas tan importantes, e cremos que se damos coa mellor definición, algo do que podamos

estar seguros, iso faranos máis libres ou mellores. Pero eu non creo que sexa así. Non consiste en dar coa definición correcta.

É algo máis profundo. Loitar contra as palabras, loitar contra os conceptos, loitar contra os estereotipos, loitar contra a covardía, deterse á metade, ese tipo de cousas... Temos por diante un camiño sen fin que temos que seguir sen descanso, e de cando en vez paralizámonos, e se o ceo nos axuda podemos sentir algo máis forte, cunha enerxía positiva, algo luminoso... Creo que falei demasiado. É só que non sinto a necesidade de definir eses conceptos.

Moderador: Gustaríalle contarnos algo sobre un asunto que se aborda no filme, como é a cultura da acusación?

HS: Ás veces fago uso de certos detalles políticos, relacionados con asuntos contemporáneos, como o que acaba de mencionar. A razón pola que tomo eses detalles é porque esas son as cousas das que fala a xente, non porque eu crea que as cousas son así. Non fago xuízos sobre o que fan. Utilizo

certos detalles para o filme, cando chegan a min de maneira evidente e poden funcionar ben xuntos. Se puxese un detalle ostentosamente autónomo, que se ten en pé por si só, volveríase como unha roca no medio do fluír xeral. Así que, por moito que pareza político, úsoo como un detalle que me é dado.

P: Sinto curiosidade por saber como elixe a cámara para rodar, se é por razóns prácticas ou pola atmosfera.

HS: Sempre quixen equipos pequenos, sempre sentín envexa do modo de traballar dos pintores, porque traballan sós, e porque poden traballar todos os días. Esta cámara merqueina cando fun a Hamburgo, hai dez anos. É unha cámara de tamaño pequeno, e úsoa desde aquela. Gústame, afíxennme a ela. Non me dan ningunha envexa as cámaras caras. (...) É o meu temperamento. Quero algo lixeiro. O equipo, unha cámara pequena...

Rolda de prensa en Locarno Film Festival 2024 (extracto) | Atalante

ESTREA 11 DE XULLO

04 XULLO

BLACK DOG
Guan Hu

2024 | CHINA | 116' | CHINÉS | +13



Nos confíns do deserto de Gobi, no noroeste de China, Lang regresa á súa cidade natal despois de saír do cárcere. Mentres traballa para a patrulla encargada de limpar a cidade de cans da rúa antes dos Xogos Olímpicos, establece unha conexión inesperada cun can negro. Son dúas almas solitarias que se embarcan xuntas nunha nova viaxe.

Cannes 2024 (Mellor Filme Un Certain Regard)

“Un filme cálido e reconfortante”
Screendaily

A NUESTROS AMORES
Maurice Pialat

1983 | FRANCIA | 99' | FRANCÉS



Suzanne é unha moza de dezaseis anos cunha vida sexual moi activa pero sen interese polas relacións románticas. Na súa casa, a situación é tensa: o seu pai abandonounos, a nai ten tendencias neuróticas e seu irmán bate nela.

Cesar 1983 (Mellor Filme e Actriz Novel)

“Unha das mellores representacións da relación pai-filla do cinema” *The New Yorker*

11 XULLO

TRES AMIGAS
Emmanuel Mouret

2024 | FRANCIA | 118' | FRANCÉS



Joan xa non está namorada de Victor e sofre por non ser honesta con el. Alicia consólaa asegurándolle que ela mesma non sente paixón pola súa parella. Mentres, Rebecca mantén unha relación co compañeiro de Alicia en segredo.

Venecia 2024 (sección oficial)

Delicioso filme. Como un «Hannah y sus hermanas» iluminado polo sol outonal de Lyon.

EN LA CORRIENTE
Hong Sangsoo

2024 | COREA | 111' | COREANO



Un escándalo que involucra a varias estudantes estala nunha universidade feminina. Jeonim, artista e profesora, pide ao seu tío Sieon que dirixa unha peza para un festival do centro. Mentres avanzan os ensaios, Sieon empeza a sentirse atraído pola profesora Jeong, colega de Jeonim, á vez que esta atopa nas acuarelas e nos seus paseos matutinos xunto ao arroio unha forma perfecta de observar e comprender o segredo da súa corrente.

Locarno 2024 (Mellor Actriz)

“Unha irónica e extrañamente doce oda á arte, o amor e a morte” *Variety*

18 XULLO

UN LIKE DE BOB TREVINO
Tracie Laymon

2024 | EUA | 102' | INGLÉS



Lily faise amiga por internet dun descoñecido co mesmo nome que o seu pai ausente. O apoio deste novo Bob Trevino, un home bondadoso e sen fillos, cambiará a vida dos dous. Inspirada na historia real da directora.

Cannes 2024 (sección oficial)

“Unha historia fascinante con interpretacións estelares” *The Daily Beast*

25 XULLO

LEER LOLITA EN TEHERÁN
Eran Riklis

2024 | ISRAEL | 108' | INGLÉS



Cada xoves pola mañá ao longo de dous anos, Azar Nafisi, unha profesora iraniana, reúne clandestinamente no salón da súa casa a sete das súas alumnas máis avantaxadas a fin de ler libros prohibidos: obras de Jane Austen, Henry James, Scott Fitzgerald ou Vladamir Nabokov.

Festival de Roma (Premio do Público e Premio Especial do Xurado)

“Historia de coraxe e curiosidade fronte á opresión” *Screendaily*



TREN DE SOMBRAS

CENTENARIO MAURICE PIALAT

RETROSPECTIVA DA OBRA DO FUNDAMENTAL CINEASTA FRANCÉS MAURICE PIALAT CON MOTIVO DO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO.



Nacido en Francia en 1920, Pialat estivo presente durante o auge da Nouvelle Vague, colaborando en varios dos seus filmes máis destacados mentres rodaba as súas propias curtas.

En 1968 dirixe a súa primeira longametraxe, LA INFANCIA DESNUDA, producida polo seu amigo e colaborador François Truffaut. Nos seguintes 35 anos desenvolveu unha rica carreira que o consolidou como un dos grandes cineastas franceses da segunda metade do século XX. O seu estilo seco e realista, profundamente autobiográfico, foi obxecto de comparacións con Robert Bresson e John Cassavettes, entre outros. Faleceu en 2003, oito anos despois do seu último filme, LLE GARÇU (1995).

PROGRAMA:

MÉR 9 DE XULLO ÁS 19:45

VEN 1 DE AGOSTO ÁS 21:45

LA INFANCIA DESNUDA (1968) 83'

XOV 10 DE XULLO ÁS 19:45

MÉR 6 DE AGOSTO ÁS 21:45

NOSOTROS NO ENVEJECEREMOS JUNTOS (1972) 107'

VEN 11 DE XULLO ÁS 19:45

XOV 7 DE AGOSTO ÁS 21:45

LA BOCA ABIERTA (1974) 85'

MÉR 16 DE XULLO ÁS 19:45

VEN 8 DE AGOSTO ÁS 21:45

APRUEBA PRIMERO (1978) 81'

XOV 17 DE XULLO ÁS 19:45

MÉR 13 DE AGOSTO ÁS 21:45

LOULOU (1980) 105'

VEN 18 DE XULLO ÁS 19:45

XOV 14 DE AGOSTO ÁS 21:45

A NUESTROS AMORES (1983) 99'

MÉR 23 DE XULLO ÁS 19:45

VEN 15 DE AGOSTO ÁS 21:45

POLICE (1985) 109''

XOV 24 DE XULLO ÁS 19:45

MÉR 20 DE AGOSTO ÁS 21:45

BAJO EL SOL DE SATÁN (1987) 93'

VEN 25 DE XULLO ÁS 19:45

XOV 21 DE AGOSTO ÁS 21:45

VAN GOGH (1991) 160'

MÉR 30 DE XULLO ÁS 19:45

VEN 22 DE AGOSTO ÁS 21:45

EL NIÑO (1995) 107'

XOV 31 DE XULLO ÁS 19:45

MAURICE PIALAT, EL AMOR EXISTE ANNE-MARIE FAUX E JEAN-PIERRE DEVILLIERS (2007) 81'

25x

TOCA CELEBRAR

O 25 de xullo toca celebrar, toca gozar da nosa terra, do que construímos entre todos e todas, da nosa cultura e do que somos. Toca celebrar Galicia.



XUNTA
DE GALICIA

DÍA DE GALICIA



Galicia

Banda de Gaitas e Grupo de Baile e música
Tradicional Alxibeira do Padroado da Cultura de Narón

Valladolid

Coros y Danzas Castiella

Eslovaquia

Grupo Folkórico Kapusancan

India

Guru - El Centro de las Artes

Panamá

Conjunto de Proyecciones
Folkóricas Dora Pérez de Zárate



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón

Festifolk
España




CASELAO
10 aniversario



Festival Internacional de Folclore

Narón

Sábado 19 de xullo
21:00h. Parque do Río Freixeiro



NOVELA

ASKJA

ANTONIO M. FRAGA | EDICIÓNS XERAIS | 264 PÁX. | **17,50 €**

O EUMÉS ANTONIO FRAGA OBTIVO CON “ASKJA” O PREMIO PINTO E MARAGOTA DE NOVELA, UN GALARDÓN QUE VALORA A DIVERSIDADE SEXUAL.

A maiores da temática que paira ao fondo, estamos ante unha narración que mestura ingredientes insólitos: lembranzas sentimentais, inseguridades afectivas e folclore islandés, temas que de seguro ninguén fixo antes. A narración parte dun grupo humano retido nun hotel rural do leste de Islandia por causa da erupción do volcán Askja. Entre as diversas nacionalidades están Xurxo, escritor ególatra, e Ana, profesora e poeta que reflexiona sobre a súa relación con Xurxo. Ana comeza a facer amizade con Karen, un sentimento que troca en atracción canda ambas comparten un segredo da casa: unha habitación agochada chea de caixiñas de música e lugar de encontro de ambas. As caixiñas, ademais, estimulan a imaxinación de Ana para inspirar historias que lle conta a unha Karen cada vez máis fascinada con ela. Ademais dun grupo de persoas encirrado, algo que narrativamente sempre dá xogo e máis nunha paisaxe como Islandia, a atracción de “Askja” reside nas confesións de Ana sobre o seu pasado e presente sentimental, coa relación de amantes, amigos, pai e filla, relatorio que Antonio Fraga debulla con mestría e atractivo nunha narración absorbente e simbólica.

NOVELA

MÚSICA ACUÁTICA

T.C. BOYLE (TRAD. MANUEL PEREIRA | IMPEDIMENTA | 556 PÁX. | **23,50 €**

Debut literario do norteamericano T.C. Boyle, “Música acuática” agora reeditada segue a ser unha das súas obras máis poderosas. Conta a historia do escocés Mungo Park que a finais do século XVIII marcha a África para trazar o curso do río Níxer. Acompañao un escravo mandinga e atopa ao pícaro Ned Rise, carteirista, cantante e poeta tabernario. Xuntos atravesarán as lameiras da civilización, desde os peiraos infectos do Londres xeorxiano ata os confíns da África interior onde os mapas empezan a mentir. Un clásico moderno.

CANCIONEIRO

CANTIGAS POPULARES

DOROTHÉ SCHUBART / ANTÓN SANTAMARINA | GALXIA | 264 PÁX. | **18 €**

Publicado orixinalmente en 1983, reedítase este cancionero recollido pola musicóloga suíza Dorothe Shubart e polo filólogo Antón Santamarina. Trátase dunha das tres escolmas nas que os compiladores sintetizaron os sete volumes do Cancioneiro Popular Galego no que se acabaría convertendo o seu traballo de campo nos anos 80 e 90. Letras e partituras que, neste ano dedicado ás cantareiras, fan da riqueza das cancións populares motivo de orgullo e dalo a coñecer, de xustiza. Un tesouro que engaiolou a unha estudosa suíza a quen Galicia tanto debe.

DELICIAS SONORAS

**GUADI GALEGO PÉLAGO.
CONTOS ONÍRICOS**

Chega o novo disco de Guadi, sempre aportando unha mirada propia. A de Cedeira publica “Pélago. Contos oníricos”, o oitavo da súa carreira en solitario, composto por nove temas que afondan na intimidade, no lirismo da súa ollada, con melodías máis austeras e minimalistas e, como adoita, cun arrecendo a mar salgado. Aínda que xa está nas plataformas, o traballo parte no seu formato físico dun disco-libro que inclúe as letras, do poeta Antonio García Teijeiro e as ilustracións da artista María Maquieira. Imaxes artísticas que encaixan como unha luva nos contos e sonhos da compositora que nunca deixa atrás un mundo onírico e o sentido de comunidade nos seus textos. Inclúe un par de colaboracións, co cantautor catalán Ramón Mirabet (“Galerna”) e co galego Luís Fercán no tema “Bailar” que supón o primeiro sinxelo do traballo. Gravado en Girona cos seus habituais Pau Brugada e Vic Moliner, entre os temas referenciados non podemos deixar de citar tamén “Aprendes a nadar” que abre o disco ou “Pide por min”, esa apelación feminina ao colectivo tan cara a Galego.

**PULP MORE**

Para algún de nós Pulp nunca foron favoritos entre os conxuntos de brit pop da Inglaterra dos 90. Tiñamos outras referencias máis queridas, aínda sen dubidar da calidade dun fato de temas clásicos dos de Sheffield (“Common people”, “Babies”). Algo cambiou ao ver o documental de 2014 “Pulp, vida, morte e supermercados”, de Florian Habicht, e a imaxe de modernitos cun cantante que ía de sofisticado e gracioso trocou a unha banda de amigos nunha cidade decadente que tardou moitos anos en ter éxito. Ademais contou entre sus membros durante uns anos cun membro do talento e calidade de Richard Hawley. Así que a sorpresa foi que 24! anos despois do seu último disco, “We love life” (2001), o grupo de Jarvis Cocker edita hai unhas semanas este “More” que ademais é un disco estupendo. Gozamos con temas como a comercial pero intensa “Got to have love” que tiñan agochada desde hai anos, ou outras apaixonadas como “Spike Island”, “Tina” ou “A Sunset”, na que participa o propio Hawley. Alegrámonos de que un gran grupo como Pulp regrese con argumentos tan poderosos como os deste “More”.

**AUDIOVISUAL PAOLO CONTE
LIVE AT LA SCALA (2024)**

Vén de estrearse na plataforma Filmin o documental adicado ao irrepitible músico madrileño Malcolm Scarpa (1959-2022). O traballo está dirixido por Enrique López Marijuan coa produción da irmá do artista, Rosa Scarpa, e resulta moi sinxelo. Unha parte é unha actuación variada de músicos que interpretan algunhas das súas 300 cancións e doutra banda algún dos artistas que o coñeceron máis de preto falan con devoción do mestre. No concerto nos baixos do cine San Pol que inspirou unha fermosa canción ao músico actúa xente como Los Estanques, Anni B. Sweet, Luis González, Luis Prado, Juan Ferrari e moitos máis que admiran a Scarpa pola mestura de blues, jazz, pop e psicodelia, ese estilo de seu irrepitible e inimitable, entre a maxia e a fantasía. A outra parte pertence a varios dos músicos e amigos que falan del e contan anécdotas gorentosas, especialmente Rosa Scarpa. A conclusión é que un músico e compositor prodixioso habitou entre nós, acadou a admiración de xente con bo gusto e a maioría do persoal nin se decatou. Que o documental axude a paliar este pecado.

XULLO

03xoves

FESTIVAL ATLÁNTICA

12.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

PAULA CARBONELL: UN NENO, UN CAN, UN GATO E UN PITO

19.00 h Praza Vella. Ferrol.

MARGARITA SÁNCHEZ: FERROL NA HISTORIA, A SÚA IGREXA DE SAN XIAO

20.30 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

INÉS ÁLVAREZ VILLA: POLOS CAMIÑOS DO NORTE, UNHA PONTE DE CONTOS ENTRE TRES TERRAS CELTAS

21.00 h Centro de Interpretación de Caldoval. Mugardos.

VERO RILO E SANTI CRIBEIRO: LAVANDEIRAS



04venres

FESTIVAL ATLÁNTICA

11.00 h Porto de Curuxeiras. Ferrol.

G. LLORCA: O PORTO ILUSTRADO (ROTEIRO NARRADO EN BARCO)

20.30 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

SIMONE NEGRIN: FARE LE CORNA

21.00 h Centro de Interpretación de Caldoval. Mugardos.

DON GUTI: NOVAS HISTORIAS DE FILANDAR

INFANTIL

17.30 h praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

FESTA INFANTIL

CONFERENCIA

19.00 h Liga Amigos de Barallobre. Fene.

DESCUBRE A ALFONSO PIÑÓN, POR MANOLO GONZÁLEZ

TEATRO

22.30 h Faro de Cabo Ortegal. Cariño.

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO



05sábado

NOVO CIRCO

12.00 h Paseo Marítimo. Cabanas.

CABARET DE CIRCO MOC MOC

FESTIVAL ATLÁNTICA

21.00 h Baluarte de Canido. Ferrol.

SU GARRIDO: PATIOS DE LUZ

MÚSICA

21.30 h Liga Amigos de Barallobre. Fene.

SILBARDA

TEATRO

22.30 h Porto de Espasante. Ortigueira.

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFÍA DUN NAUFRAXIO

08martes

TEATRO

21.30 h CPS San Valentín. Fene.

HISTORIAS PARA ESCAGARRINARSE

09mércores

MONÓLOGO

21.30 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

FEDERICO PÉREZ

NOVO CIRCO

21.30 h Alameda de Raxoi. Pontedeume.

PETER PUNK PALLASO

FESTIVAL ORTIGUEIRA

22.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

PELEPAU



23.30 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

GWENDAL

01.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

XOSÉ LIZ-INDALA

10xoves

MÚSICA

21.00 h Praza do alcalde Ramón J. Souto González. Fene.

ULEX & DE NINGURES



NOVO CIRCO

21.30 h Alameda de Raxoi. Pontedeume.

CIRCO CAMBUCHE



FESTIVAL ORTIGUEIRA

22.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

DARACH

23.15 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

RAE, DALAMA AND CARBALLIDO

00.30 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

XARA



01.45 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

DALLAHAN

MÚSICA

20.30 h Praza do alcalde Ramón J. Souto Gonzalez. Fene.

FESTIVAL DE HABANEIRAS

FESTIVAL ORTIGUEIRA

22.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA

00.15 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

LA BOTTINE SOURIANTE

02.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

BÓJ



TEATRO

22.30 h Parque Rosalía de Castro. Ares.

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFIA DUN NAUFRAXIO

12sábado

JAZZIN' FERROL

13.30 h Peirao de Curuxeiras. Ferrol.

DEMO RUMUDO

TEATRO

22.30 h Castillo da Concepción. Cedeira.

COSTA DA MORTE, CARTOGRAFIA DUN NAUFRAXIO

FESTIVAL ORTIGUEIRA

22.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

KEVRENN BREST SANT MARK

23.15 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

MILLADOIRO



00.30 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

ALANA

01.45 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

FLOOK

03.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

DAVID PASQUET 3

13domingo

JAZZIN' FERROL

13.30 h Peirao de Curuxeiras. Ferrol.

TWANGUERO

FESTIVAL ORTIGUEIRA

22.00 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

TIRULEKE

23.15 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

JOSÉ MANUEL TEJEDOR

00.30 h Escenario Estrella Galicia. Ortigueira.

BREO

17xoves

MAXIA

20.00 h Paseo Marítimo de Xuvia. Neda.

MAGO TETO: O CAMIÑO DO AFIADOR



19sábado

CONCERTOS NO CANTÓN

13.30 h Cantón de Molíns. Ferrol.

LOS ETERNOS



MÚSICA

21.00 h Parque do Río Freixeiro. Narón.

FESTIVAL INTERNACIONAL DE FOLCLORE

20domingo

CONCERTOS NO CANTÓN

13.30 h Cantón de Molíns. Ferrol.

SR. SALVAJE

26sábado

FESTIVAL MAROLA

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

THE LIMBOOS



27domingo

FESTIVAL MAROLA

13.30 h Xardíns de Herrera. Ferrol.

AL DUAL

31xoves

TEATRO

20.00 h Parque do Principiño. Neda.

MÁIS SAAAABOR!



EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

📧 @Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción